



## **Novas instrucións en relación co COVID-19**

### **1. PROCESO DE ADMISIÓN**

Amplíase provisionalmente o prazo de presentación telemática e presencial de solicitudes de admisión, que finalizará unha semana despois do reinicio das clases.

Recoméndase a utilización preferente da modalidade telemática para a presentación das solicitudes.

### **2. PRESENZA DO PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE NO CENTRO**

Seguindo as instrucións das autoridades e para reducir o risco de expansión da pandemia, a partires do luns, día 16 e ata novo aviso, a titorización e a atención do alumnado realizarase unicamente con medios non presenciais: telemáticos e telefónicos.

Poderanse comunicar co centro no horario lectivo habitual a través do teléfono, correo electrónico ou Abalar móbil ([guía abalar móbil](#)). As titoras e titores atenderán as súas suxestións e consultas. Ademais @s [alumn@s](#) de 5º e 6º poden empregar a mensaxería da plataforma Edixgal.

Todas as tarefas dos cursos de Infantil e Primaria están publicadas na páxina web en formato dixital (os documentos de cada curso inclúen as fichas dixitalizadas).

Lamentamos as molestias causadas e os malentendidos que puideran darse por mor desta situación tan cambiante. Entendemos que esteamos molestos, pero a situación é excepcional e moi complexa e ademais da tardanza en recibir as instrucións, houbo tamén problemas técnicos co servidor da Web, polo que todo se foi complicando.

Manteremos informada a toda a comunidade educativa coas novas de interese sobre o tema a través da Web do centro.

**Teléfono do centro:** [988372043](tel:988372043)

**Correo electrónico:** [ceip.curros.ourense@edu.xunta.es](mailto:ceip.curros.ourense@edu.xunta.es)

**Páxina Web:** <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcurrosourense/>